Pierres López, María Luisa e 4 máis

Sobre o coñecemento pola Xunta de Galicia da existencia dun topónimo deturpado na sinalización da estrada autonómica OU-536, Ourense-A Pobra de Trives, e as súas previsións respecto da corrección dos que hai nas estradas da súa competencia, así como a realización dalgunha actuación para ese fin nas que son competencia do Ministerio de Fomento
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 43697 (10/POC-006949)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 4 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do reforzo e posta en valor das medidas reflectidas no Pacto de Estado en materia de violencia de xénero, así como as medidas específicas que vai por en marcha durante o ano 2019

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 43702 (10/POC-006950)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da creación no ano 2019 de novos e definitivos equipos de valoración e orientación da discapacidade para a provincia de Pontevedra, así como os datos referidos ao convenio asinado co Sergas para a revisión e tramitación dos expedientes polos médicos de Atención Primaria

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 43163 (10/POC-006951)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da redacción que presenta o acordo de pesca entre España e Portugal presentado nas Cortes Xerais o 21 de decembro de 2018

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 43710 (10/POC-006952)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Castiñeira Broz, Jaime e 6 máis

Sobre o investimento previsto pola Xunta de Galicia, no marco do programa Rexurbe, para a adquisición e posterior rehabilitación de inmobles nos núcleos históricos de Ferrol, Betanzos, Lugo e Ourense, e os obxectivos desta iniciativa

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 43714 (10/POC-006953)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 2 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para solucionar a situación na que se atopa o Servizo de Pediatría nos concellos de Moeche, Cerdido, As Somozas e San Sadurniño

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 43721 (10/POC-006955)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a xestión desde o ano 2016 do centro de menores de Monteledo, radicado en Ourense

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 43723 (10/POC-006956)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto do informe do Consello de Contas sobre o gasto público autonómico en centros residencias para persoas maiores e con discapacidade e as medidas que vai adoptar para paliar o déficit de prazas públicas neles

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 43725 (10/POC-006957)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do proceso de tramitación do Proxecto de decreto de desenvolvemento da Lei 10/2013, de inclusión social de Galicia, no relativo á tramitación da renda de inclusión social de Galicia e das axudas de inclusión social

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 43727 (10/POC-006958)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da suficiencia, para garantir unha atención social de calidade no ámbito sanitario, do número de traballadores e traballadoras sociais que prestan servizo na actualidade na Atención Primaria

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 43729 (10/POC-006959)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para reducir o número de prazas de facultativo no Centro de Saúde de Rubiá, na provincia de Ourense, así como as súas previsións referidas ao restablecemento da praza amortizada

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 43731 (10/POC-006961)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 2 máis

Sobre a necesidade dunha cuberta e dunha pasarela de acceso ás instalacións do Colexio de San Vicenzo de Vimianzo

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 43734 (10/POC-006962)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da adopción de medidas para o mantemento do cadro de persoal necesario e, en especial, evitar a amortización dunha praza de médico por xubilación no Punto de Atención Continuada de Fene

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 43736 (10/POC-006963)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as razóns da supresión do Servizo de Pediatría nos concellos de San Sandurniño, Moeche, Cerdido e As Somozas, así como as medidas previstas pola Xunta de Galicia para a súa reposición

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 43737 (10/POC-006964)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do establecemento dalgunha liña de axudas para paliar as perdas sufridas na campaña de 2018 polo sector produtor, transformador e comercializador da castaña

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 43738 (10/POC-006965)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e 2 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para evitar a proliferación de construcións a medio derruír nos pobos afectados polos incendios

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 43739 (10/POC-006966)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para compensar aos agricultores e gandeiros pola suba do prezo dos carburantes e posible incidencia desta na economía de Galicia nos próximos anos

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 43740 (10/POC-006967)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da implementación dun plan de autoprotección contra os incendios forestais para os concellos rurais, así como a adopción das medidas oportunas para a dispoñibilidade dunha rede de hidrantes en todos os núcleos de poboación do medio rural

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 43741 (10/POC-006968)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e 2 máis

Sobre o dispositivo posto en marcha para a extinción do incendio declarado o día 7 de outubro de 2018 no concello de Mondariz e os datos referidos ao seu funcionamento

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 43742 (10/POC-006969)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Sánchez García, Antón

Sobre as medidas que está a realizar a Xunta de Galicia nos fogares galegos do rural para que poidan acceder á internet

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 43743 (10/POC-006970)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do reforzo e da execución do mando único operativo e real de todas as emerxencias de Galicia para garantir a coordinación de todos os corpos, así como as actuacións que vai levar a cabo en relación cos servizos de prevención e extinción de incendios

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 43744 (10/POC-006971)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Sánchez García, Antón

Sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia para paliar a perda de produción no sector apícola na campaña 2018

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 43745 (10/POC-006972)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia en relación co impacto dos arrastres producidos tras os labores de restauración dos cortalumes executados pola Consellería do Medio Rural nos montes de titularidade pública do concello de Manzaneda

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 43746 (10/POC-006973)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Sánchez García, Antón

Sobre a mortalidade de polos rexistrada nas granxas galegas no verán de 2018 por mor da vaga de calor, as actuacións que está a levar a cabo a Consellería do Medio Rural para garantir o cumprimento do Decreto 692/2010 e as previsións ao respecto

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 43753 (10/POC-006974)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre a aplicación da resolución da Consellaría de Educación pola que se acorda reducir a dúas as liñas de escolarización previstas para o vindeiro curso 2018-2019 no CEIP Padre Feijoo, de Allariz, no segundo ciclo de educación infantil

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 43754 (10/POC-006975)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Castiñeira Broz, Jaime e 6 máis

Sobre os traballos que está a desenvolver ou previstos polo Observatorio da Vivenda de Galicia e a súa posta á disposición da cidadanía, así como a súa composición

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2019

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez, deputada pertencente ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA**, para a súa resposta oral na Comisión 6.^a, sobre o descenso en noites de hotel.

Galicia rematou o pasado mes de agosto cun 10% menos de viaxeiros aloxados en hoteis que o ano pasado, segundo os datos oficiais do Instituto Nacional de Estatística. Isto son 71.285 persoas menos. O número de xente que pasou a noite en hoteis caeu nun 7,29% fronte o 0,56% do conxunto do Estado. A estancia media en Galicia foi de 2,36 días; no resto do Estado, foi de 3,7 noites.

Se consideramos conxuntamente xullo e agosto, observamos que a comunidade perdeu usuarios de hotel por primeira vez en cinco anos. En total, o número descendeu en 161.733, un 12,5%. A perda en Galicia supera ao resto de comunidades tanto en cifras absolutas como en porcentaxes, moi por diante da seguinte na lista, A Rioxa, que perdeu un 6,3% dos usuarios e usuarias. No conxunto do Estado, a caída foi do 0,16%. En sete comunidades, os hoteis gañaron clientela.

En xullo e agosto Galicia tamén tivo menos xente que pasou a noite. En concreto, un 8,9% menos, o que supón un descenso de 257.318 noites con respecto a o ano pasado.

A fochanca que atravesa o sector hoteleiro galego percíbese aínda con máis claridade se comparamos a súa situación coa de comunidades próximas que ofrecen formas similares de turismo, como Asturias, Cantabria e País Vasco. No





mes de agosto, a nosa ocupación hoteleira foi do 64,9%, o que contrasta co 80% de Cantabria, co 79% do País Vasco e 74,5% de Asturias.

Con estes datos sobre a mesa, cómpre preguntar que volume de usuarios tradicionais de hoteis preferiron optar este ano polos aloxamentos de Airbnb e outras empresas de aluguer de pisos máis baratas e menos reguladas.

A diferenza de quince puntos porcentuais entre a ocupación hoteleira de Galicia e a do País Vasco e Cantabria non se pode deber a unha simple cuestión de mala sorte. Trátase dun síntoma máis da pésima xestión que o Goberno de Núñez Feijóo fai do turismo.

Por todo o exposto, a deputada asinante presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- A Xunta de Galicia coñece que porcentaxe de viaxeiros e viaxeiras se hospedaron en aloxamentos de Airbnb?
- Como puido afectar isto ao descenso de usuarios de hoteis?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Deputada do G.P. de En Marea.





Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 14/01/2019 11:46:11



Á MESA DO PARLAMENTO

Flora Miranda Pena, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na **Comisión 5.^a**

A Consellería de Sanidade e o SERGAS, trala política de fomento da precariedade de contratos dos últimos anos, debe afrontar no momento actual a necesidade de reconducir as súas liñas de contratación coa finalidade de poder garantir a sostenibilidade da cobertura. No último mes, ademais, recibiu múltiples evidencias de descontento e sobrecarga por parte das súas profesionais en forma de mobilizacións diversas. As protestas foron diversas, xustificadas e compartidas, pero referirémonos nesta iniciativa ao persoal médico de atención primaria, incluíndo como é preceptivo os puntos de atención continuada.

A Consellería mantivo unha reunión cos sindicatos o 11 de xaneiro de 2019 para negociar o establecemento dun nomeamento estatutario eventual de continuidade asistencial no ámbito do Servizo Galego de Saúde, que as propias profesionais cuestionan polos seguintes motivos:

“O propósito desta modalidade contractual é a cobertura das necesidades conxunturais de falta de persoal médico, nunca superiores a dúas semanas consecutivas, en distintos centros de saúde dun mesmo distrito sanitario. Este modelo de contrato perpetúa a eventualidade camuflándoa cunha certa continuidade. Unha preocupación é a perda da lonxitudinalidade e o prexuízo sobre a calidade asistencial

Descoñécense as ferramentas que quere empregar a Xerencia para cubrir as ausencias de máis de quince días que non contempla este contrato. Aquelas substitucións de maior duración non se teñen en conta dentro deste modelo polo que se asume que seguirá habendo contratos de substitución para cubrir estas





necesidades. Descoñécese en que condicións se ofertarán estes contratos, como se organizarán e se existirá algún prexuízo para os que non queiran aceptar o novo modelo.

O borrador non especifica o número de centros a cubrir por cada traballador, nin se estes quedarán agrupados por proximidade, quedando a discreción da Xerencia esta decisión. A dispersión dentro dun mesmo distrito pode ser de ducias e incluso centos de quilómetros. Reclámase que a agrupación de Centros de Saúde se faga en base a criterios de estrita proximidade, en calquera caso inferiores á figura do distrito sanitario, e que exista una programación e antelación razoable de períodos e postos a cubrir a disposición do traballador ou traballadora contratada.

Manifestan a súa oposición frontal á obrigatoriedade de realizar gardas nos PACs asociados ó distrito sanitario -quedando unha vez máis o número e a localización do PAC onde se realizarían a criterio da xerencia- así como a obriga de estar localizados, sen remuneración asociada, para ser convocados ante unha incidencia. Este formato aseméllase aos contratos de vinculación da EOXI de Vigo cuxo fracaso foi manifesto, chegando a perder á maioría dos traballadores que os aceptaran nun primeiro momento. Consideran que o traballo en Atención Primaria e nos PACs é distinto e complementario e que a súa combinación debe ser, en calquera caso, voluntaria e endexamais obrigatoria.

O cómputo horario a realizar remite ao Estatuto Marco, polo que se entende que, dada a obrigatoriedade á que somete este contrato, pódense ter que realizar o máximo de 48 horas efectivas semanais en cómputo semestral, con descansos de 12 horas entre xornadas e 36 horas de descanso á semana en cómputo bimestral de forma continuada, como vén sucedendo en Vigo e demostrándose insostible para os traballadores e traballadoras. Esta xornada excede con moito á realizada polo resto áreas, e descoñécese en que condicións será remunerada.





O desfrute de permisos e vacacións está de novo condicionado á decisión da Xerencia. Entendendo que este modelo de contrato pretende, entre outras cousas, solucionar a falta de persoal nos períodos vacacionais máis populares (período estival, Nadal, pontes), isto pode supor que estas traballadoras e traballadores só podan desfrutar das vacacións cando as necesidades dos centros estean cubertas, é dicir, fora destes períodos. A concesión destes permisos debe establecerse en igualdade de condicións co resto de profesionais da mesma categoría

Este modelo de contrato supedita o mantemento da actividade asistencial á obriga de cobertura por unha parte dos traballadores e traballadoras. De transformarse nunha situación estable mediante a creación de prazas estruturais suporía unha aldraxe con respecto ó resto de traballadores e traballadoras, xa que desenvolvendo as mesmas funcións terían obrigas engadidas creando así traballadores de primeira e de segunda categoría.

Este borrador de modalidade de contrato impulsado polo SERGAS non dá solución aos problemas de cobertura asistencial, non atende ás necesidades estruturais, pretende ser unha medida disuasoria de novas e lexítimas reivindicacións e perpetúa a precariedade asistencial do colectivo profesional de médicos e médicas de atención primaria e de puntos de atención continuada, limitando o seu dereito a vacacións e días de libre disposición, protección ante posibles situacións de incapacidade laboral, permisos de maternidade e paternidade, exceso de horas extras non remuneradas, incapacidade para planificación e conciliación, exceso de horas totais...

Ademais atenta contra o obxectivo fundamental de todo sistema sanitario público: unha atención digna ás persoas.

Polo exposto, a deputada que subscribe, formula a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.^a:





Ten pensado a Consellería de Sanidade establecer algún mecanismo digno para fomentar a dignidade profesional e a calidade asistencial ás persoas enfermas, á marxe destes infaustos contratos?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Flora Miranda Pena

Deputada do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 14/01/2019 13:57:28



Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4.^a**, sobre as probas de oposición para o ensino público

No pasado mes de xuño de 2018 celebráronse no conxunto do Estado unhas polémicas oposicións para cubrir prazas de profesores de Secundaria, de Formación Profesional, de Idiomas nas Escolas Oficiais, de Música e Artes Escénicas, e de Artes Plásticas e Deseño. A convocatoria saldouse cun inusitado volume de suspensos que non parece ter explicación.

A concorrencia de opositores foi notable, pero, segundo os sindicatos, nin foi masiva nin dende logo foi inesperada. Agardábase unha gran cantidade de xente debido a que moitas convocatorias levaban anos sen celebrarse por mor dos recortes do decreto 14/2012.

Tralos exames e a publicación das notas, chegou a sorpresa. En Murcia, Castilla-La Mancha, Madrid, Andalucía, Canarias, Galicia... suspendera unha alta porcentaxe das persoas examinadas, moitas delas profesionais interinas que levan décadas dando clase ou investigadores de longa traxectoria.

A situación provocou un fondo malestar entre os opositores e opositoras, como é comprensible. Segundo eles, as causas dos numerosísimos suspensos son, entre outras:





- A saturación dos tribunais, que afrontaron un exceso de traballo, ao ter que ler preto de cen exames en só un par de semanas.
- Que os exames foran tipo test, sen posibilidade ningunha de interpretar as respostas.
- E a opacidade nos procesos de corrección.

Estas eivas non son puntuais nin propias dunha comunidade concreta, senón que se repetiron ao longo do territorio, poñendo de manifesto que existe un severo problema estrutural na convocatoria, execución e corrección das probas que afrontan os opositores.

A cuestión da opacidade merece mención aparte. Os opositores non coñecen os criterios cos que van ser corrixidos os exames ata días antes de que se celebren estes; criterios que, en calquera caso, son tan vagos e xenéricos que resulta imposible anticipar como se concretaran durante o proceso de avaliación. Ao anterior hai que sumar que, cando se producen reclamacións, os tribunais non teñen a obriga de ensinar os exames corrixidos, polo que os aspirantes poden non chegar a coñecer en que se equivocaron. Todo isto complicase polo feito de que non existen textos de referencia compartidos, xa que os opositores teñen que elaborar eles os seus propios temarios, co risco de que os manexados polo tribunal difiran significativamente.

Nada do dito ata aquí é alleo a Galicia. Ás oposicións de educación do presente ano presentáronse 16.600 candidatos e candidatas, dos cales só 1.783 superaron as probas, malia que a convocatoria era de 2.050 prazas. 327 prazas quedaron sen adjudicar, a maior parte delas do apartado de promoción interna. Das 397 prazas convocadas neste apartado só se cubriron 156. O 60% restante quedou deserta.





As cifras falan, tamén na nosa comunidade, dun fracaso no deseño e desenvolvemento das oposicións que, por responsabilidade, tería que emendarse de inmediato.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte
Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

- Considera adecuado o Goberno galego o número de exames que debe corrixir cada tribunal?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 14/01/2019 10:56:48

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 14/01/2019 10:56:56



Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA, para a súa resposta oral na Comisión 4.^a**, relativa á validez dos títulos universitarios.

Unha investigación de El Confidencial publicada hai uns días recollía que máis de vinte universidades viñan expedindo títulos universitarios pouco garantistas e doadamente falsificables. É dicir, que tras realizar diversas análises de organismos públicos púidose concluír que certas universidades entregan ás estudantes titulacións que non se axustan aos parámetros legais de durabilidade e seguridade. O problema de fondo é o aforro de custes por parte das empresas contratadas que incumpren os pregos de contratación. A principal deficiencia detectada foi que os títulos entregados non están impresos con tinta 'offset' —que se absorbe no soporte de papel, o que a fai imborrable, pero é máis cara—, senón con tinta de inxección ou 'inkjet'; e no contén pares de cores metaméricos que impiden a súa reprodución con fotocopiadoras e que os diferencian en función do contraste da fonte de iluminación.

Entre os casos detectados destaca o da Universidade de Santiago de Compostela, que xa tiña detectado problemas na expedición de títulos no ano 2016 que levaron a rescindir o contrato coa concesionaria.

Por estes motivos, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.^a) Ten coñecemento o Goberno galego de cantos títulos poderían ter sido expedidos sen as garantías necesarias?





2.^a) Que medidas vai tomar para que as tituladas e titulados que teñen documentos que non compren coa lexislación teñan un título acorde ao que establece a lei e pagaron?

3.^a) Que medidas vai aplicar o Goberno galego para garantir a autenticidade dos títulos expedidos?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 14/01/2019 12:30:11

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 14/01/2019 12:30:19



Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez, deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6.^a**

O Instituto Nacional de Estatística vén de publicar as diferentes enquisas sobre a situación do turismo no mes de xullo en España e por comunidades autónomas.

Os datos publicados, sendo negativos en xeral, son particularmente decepcionantes en Galicia, xa que as expectativas anunciadas pola Xunta para o impacto deste sector na economía galega atópanse moi lonxe da realidade.

O que nos indican as estatísticas é que en Galicia caeu o número de turistas e pernoctacións no mes de xullo do ano 2018 con respecto ao mesmo mes do ano 2017 así, como tamén, o emprego xerado en dito sector. Concretamente, pódese destacar que as pernoctacións hoteleiras descenderon nun 15%, as extrahoteleiras caeron un 8,66% e o emprego xerado reduciuse un 5,3%. Os datos tamén apuntan a que o sector turístico en Galicia presentará unha evolución negativa no ano 2018 con respecto ao ano 2017.

Ao mesmo tempo, estes datos poñen de manifesto varios aspectos. O primeiro deles é que a estratexia da Xunta para pretender facer do turismo un dos principais motores económicos do territorio non tivo o éxito agardado. En segundo lugar, estes resultados tamén poñen de manifesto que a dependencia económica do turismo ten importantes consecuencias negativas para o emprego, debido á profunda estacionalidade e temporalidade que existe en dito sector.

Ante o anteriormente sinalado, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas:





1. Que valoración fai a Xunta dos resultados ofrecidos polo Instituto Nacional de Estatística sobre a evolución do turismo no mes de xullo en Galicia?
2. Considera a Xunta que a estratexia de turismo promovida é a axeitada?
3. Cal é a opinión da Xunta con respecto á temporalidade na ocupación que se xera no sector?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 14/01/2019 10:53:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa ás medidas a tomar para reverter a situación de deterioro da Atención Primaria.

Todos os camiños da política sanitaria do PP tiveron como fin a privatización e o desmantelamento da sanidade pública galega, a base de recortes continuos e de pór os recursos da sanidade pública ao servizo de intereses privados para poder facer negocio coa enfermidade das persoas. Durante os últimos nove anos, o PP, con Nuñez Feixóo á cabeza, impulsou todo tipo de medidas que afondaron no desmantelamento da sanidade pública: Redución de orzamentos, de centos de profesionais, de máis de 700 camas, privatización masiva de servizos, derivacións de doentes a centros privados...

A Atención Primaria foi o ámbito da sanidade pública galega que con máis intensidade sufriu os recortes, destínanse nos orzamentos da Xunta para 2019 188 millóns de euros menos que os que había en 2009, cun recorte acumulado de arredor de 2.188 millóns de euros.

As consecuencias son tremendas: Masificación de consultas, cupos desbordados, redución de profesionais, non substitución, as listas de espera





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dunha semana, 10 días para o médico de familia, peche de axendas, saturacións, profesionais que ao ter que acudir a algunha urxencia teñen que deixar as súas consultas abandonadas durante horas, PACs ao limite...

Polas razóns expostas fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

-Coida o Goberno galego que é posíbel sacar á Atención Primaria da situación de emerxencia da que se atopa sen un Plan de Mellora que contemple aumento de investimento, profesionais, substitución de ausencias, mellora de equipamentos...?

-Coida que a Atención Primaria de Galiza ten unha dotación orzamentaria suficiente, non chega ao 13%, cando todas as recomendacións aconsellan que debe estar no entorno do 25%?

-Que actuacións vai realizar, e en que prazo, para incrementar o número de profesionais en todas as categorías tanto nos centros de saúde como nos PACs?

-Vai cambiar a infame política laboral da intersubstitución por unha política de contratación laboral digna e e substituír aos profesionais nas súas ausencias?

-Vai poñer en marcha unha estratexia para mellorar os equipamentos nos centros de saúde e PACs en que prazo e con que orzamento?





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Van seguir secundarizando a Atención Primaria ou van realizar actuacións para a recuperación de Xerencias propias con capacidade resolutiva e orzamentaria?

-Teñen realmente algunha estratexia para incrementar as prazas de especialistas en pediatría e medicina familiar e comunitaria sen que a asistencia sanitaria d@s galeg@s se vexa afectada aínda máis?

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 15/01/2019 10:28:11





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 15/01/2019 10:28:16

Xose Luis Rivas Cruz na data 15/01/2019 10:28:17

Olalla Rodil Fernández na data 15/01/2019 10:28:18

Noa Presas Bergantiños na data 15/01/2019 10:28:20

Xosé Luis Bará Torres na data 15/01/2019 10:28:21



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Fermín Losada Álvarez, Juan Manuel Díaz Villoslada e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

Nos anos 2013 e 2016 materializáronse dúas fusionés de concellos galegos, os concellos de Oza dos Ríos e de Cesuras dando lugar ao novo concello Oza-Cesuras e os concellos de Cerdedo e Cotobade dando lugar ao novo concello Cerdedo-Cotobade.

No primeiro caso, os gobernos municipais dos concellos de Oza dos Ríos e Cesuras aprobaron, no seo dos seus concellos-pletos, a fusión dos seus respectivos municipios, que tiñan unha poboación a 1 de xaneiro de 2013 (IGE) de 3.204 e 2.131 habitantes, respectivamente.

No DOG do 7 de xuño de 2013, publicouse o Decreto 83/2013, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, polo que se aprobou a Fusión voluntaria dos concellos de Oza dos Ríos e Cesuras e se constituíu o Concello de Oza-Cesuras, dando orixe a un novo concello cunha poboación de 5.275 habitantes (IGE do 01 de xaneiro de 2014) que a 1 de xaneiro de 2017 ten descendido a 5.133 habitantes (IGE).

No segundo caso, os gobernos municipais dos concellos de Cerdedo e Cotobade aprobaron, no seo dos seus concellos-pletos, a fusión dos seus respectivos municipios, que tiñan unha poboación a 1 de xaneiro de 2016 (IGE) de 1.781 e 4.290 habitantes, respectivamente.

No DOG do 17 de outubro de 2016 publicouse o Decreto 134/2016, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 22 de setembro, polo que se aproba a fusión voluntaria dos municipios de Cerdedo e Cotobade e se constituíu o municipio de Cerdedo-Cotobade, dando orixe a un novo concello cunha poboación de 6.107 habitantes (IGE 01.01.2017).

Na propia exposición de motivos dos decretos de fusión establécese que “A Administración Autonómica vese na obriga de impulsar medidas innovadoras relativas á xestión eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles”.



E, neste senso, a Administración autonómica considera que concorren razóns de conveniencia e de oportunidade que aconsellan a fusión dos concellos de Oza dos Ríos e de Cesuras en 2013, e de Cerdedo e Cotobade en 2016, baseados na creación dun novo concello, xurdido da fusión, que estará en disposición de garantir unha *“prestación de servizos máis eficaz e eficiente sen mingua da calidade da democracia local”*, supoñendo unha vantaxe na prestación de servizos e na adquisición de *“máis cuantiosos ingresos”* por parte doutras administracións públicas que dos que poidan adquirir por separado.

Pasados 5 anos desde a primeira fusión e dous dende a segunda, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que valoración fai o Goberno galego do resultado acadado en cada unha das fusionés respecto dos obxectivos establecidos?

2ª) Que ingresos recibiu o concello de Oza-Cesuras da Administración autonómica desde a súa constitución?

3ª) Que ingresos recibiu o Concello de Cerdedo-Cotobade da Administración autonómica desde a súa constitución?

4ª) Que valoración fai o Goberno galego sobre a situación de vantaxe respecto ao resto dos concellos galegos nas convocatorias de subvencións da Administración autonómica?

5ª) Ten elaborado o Goberno galego algún estudo sobre a prestación dos servizos nos concellos antes da fusión e os prestados polos concellos fusionados?

6ª) Ten elaborado o Goberno galego algún estudo sobre os recursos acadados por parte da Administración autonómica por cada un dos concellos antes da fusión e os recibidos polos concellos fusionados?

Pazo do Parlamento, 15 de xaneiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 15/01/2019 10:58:57

Abel Fermín Losada Álvarez na data 15/01/2019 10:59:07





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2019 11:03:59
Nº Rexistro: 43468
Data envío: 15/01/2019 11:03:59.197

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 15/01/2019 10:59:15

Patricia Vilán Lorenzo na data 15/01/2019 10:59:26

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: REXISTRO-kutv1eORx-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Xoaquín Fernández Leiceaga e Noela Blanco Rodríguez, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O día 11 de xaneiro a Fiscalía abriu dilixencias informativas penais sobre a morte de dúas persoas no servizo de urxencias do Centro Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela o día 2 deste mesmo mes de xaneiro. Profesionais deste mesmo servizo alertaron de que a atención ás persoas que acudiron a este servizo fíxose con menor persoal e recursos materiais dos necesarios, xa que esta situación é habitual dende hai tempo e non resolta por parte da Dirección de área sanitaria.

O persoal do servizo de urxencias do CHUS vén denunciando publicamente dende hai moito tempo a situación de saturación á que fan fronte no seu servizo, e a súa demanda de máis persoal e recursos. Teñen formulado solucións concretas á Xerencia da EOXI, mais non recibiron máis que propostas imposibles e irrealis que non resolven o problema estrutural creado. Por isto, levan semanas cunha convocatoria de folga, a pesares de que os servizos mínimos coa folga convocada son do 100 por cento. Este escenario fai que a súa convocatoria teña maior valor simbólico, pois unicamente lle causa problemas a eles mesmos, sen perder calidade asistencial, pero permite chamar a atención sobre unha situación laboral insostible. No día 14 de xaneiro, a votación dos e das persoas que traballan no servizo resultou nunha participación por riba do 85 por cento e un apoio de máis do 92 por cento do colectivo á continuación da folga.

Dende hai tantos meses que se ten denunciando a situación de sobrecapacidade nas urxencias do CHUS que é incomprendible o desleixo do Goberno da Xunta de Galicia por atender ás demandas e reivindicacións de diálogo por parte do persoal. En contra diso, a denuncia pública do falecemento destes dous pacientes, tras soportar esperas do dobre do recomendado segundo a súa cualificación tras a triaxe correspondente, e as esperas nos corredores do servizo, serviu para os responsables autonómicos non para pretender afrontar algunhas solucións, senón para dirixir un furibundo ataque contra o colectivo que está a denunciar a situación. Os belixerantes ataques e desprezos ao persoal están fóra do sentido común y profundizan nun enfrontamento do Goberno autonómico cos



traballadores/as do sistema sanitario, como xa se comproba en multitude de lugares e servizos.

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Non cre a Xunta de Galicia que é o momento de asumir a necesidade dun cambio de sentido que permita abrir unha canle de diálogo específica cos profesionais do servizo de urxencias do CHUS para resolver a situación de saturación existente?
2. Considera a Xunta de Galicia que atacar aos profesionais cando denuncian fatais consecuencias derivadas das súas condicións de traballo é incompatible coa vontade de colaboración para mellorar o sistema?
3. Cre a Xunta de Galicia que a súa política de recursos foi acertada no referencia ao servizo de urxencias do CHUS nos últimos anos?
4. Ten previsto a Xunta de Galicia algún cambio na dirección da EOXI de Santiago de Compostela tras a acumulación de casos con triste desenlace nos últimos tempos baixo esa dirección?

Pazo do Parlamento, 14 de xaneiro de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Xoaquín Fernández Leiceaga
Noela Blanco Rodríguez
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 15/01/2019 11:15:36

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 15/01/2019 11:15:43

Noela Blanco Rodríguez na data 15/01/2019 11:15:48



Á Mesa do Parlamento

Jacobo Moreira Ferro, Martín Fernández Prado, Guadalupe Murillo Solís, Marta Novoa Iglesias, Diego Calvo López, Jaime Castiñeira Broz, María Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trenor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta Oral en Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios.**

O 14 de agosto de 2018 a Axencia Galega de Infraestruturas aprobaba o proxecto de construción do acondicionamento e mellora da seguridade viaria da PO-531 na Devesa, segunda fase, de clave PO/17/001.06.

Trátase doutra das actuacións que está a levar a cabo a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade na estrada PO-531, despois da construción da rotonda de acceso ao Polígono de Sequeiros, que xa ten contribuído a calmar o tráfico e a facilitar o acceso seguro e o cambio de sentido, evitando situacións perigosas que se producían antes desa obra.

Tamén está prevista a construción dunha senda na Devesa (Pontevedra), no marco do Plan de sendas da comarca de Pontevedra. Ademais, nesta mesma estrada, a Xunta última a reformulación do proxecto para actuar no treito que discorre polo municipio de Barro, segundo a petición do Concello e os veciños.

Todas elas, actuacións que responden ao compromiso da Xunta cos veciños para ir executando un programa de intervencións na dita estrada, e que redundan nunha mellora da accesibilidade e da seguridade, tanto dos vehículos como dos peóns e ciclistas.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan as seguintes preguntas orais en Comisión:

- 1.- Cales son as previsións para a execución da segunda fase das obras de mellora da seguridade viaria na PO-531 no lugar da Devesa?
- 2.- Que actuacións concretas está previsto desenvolver na PO-531 para dar resposta ás demandas trasladadas por concello e veciños?

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2019.



Asinado dixitalmente por:

Jacobo Moreira Ferro na data 15/01/2019 11:18:27

Martín Fernández Prado na data 15/01/2019 11:18:53

María Guadalupe Murillo Solís na data 15/01/2019 11:19:06

Marta Novoa Iglesias na data 15/01/2019 11:19:16

Diego Calvo Pouso na data 15/01/2019 11:19:33

Jaime Castiñeira Broz na data 15/01/2019 11:19:43

María Julia Rodríguez Barreira na data 15/01/2019 11:19:51

Gonzalo Trenor López na data 15/01/2019 11:20:29

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 15/01/2019 11:20:44





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa ás medidas que debe tomar o Goberno galego diante da grave situación da sanidade pública galega.

Un dos temas que máis alarma social está provocando na sociedade galega é o gravísimo deterioro da sanidade pública.

Un deterioro que é o resultado dos graves recortes e privatizacións que o Partido Popular leva realizado desde 2009, que están poñendo en risco a saúde e a vida das persoas.

A política sanitaria de Núñez Feixóo á fronte da Xunta de Galiza ao longo destes anos está poñendo contra as cordas a sanidade pública e ten un fin moi claro: converter o dereito á saúde nun negocio para grupos afíns. Favorecer que uns poucos fagan negocio a costa da enfermidade.

Fronte ao desastre que está provocando non vale nin a propaganda nin a manipulación. O deterioro é tan evidente que existe unha onda de malestar social polo deterioro da sanidade que cada día vai a máis:

Miles de persoas nas rúas protestando contra os recortes, os traballadores e traballadoras dos PAC's levan un ano en pé de guerra denunciando a falta de medios, recursos e a precariedade que fai que se estea debilitando a atención que se lle presta ás





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

persoas que necesitan con urxencia ser atendidos por un médico. A semana pasada iniciaron folga indefinida. No 061, no transporte sanitario urxente, hai grande precariedade e unha ameaza de non seguir prestando o Servizo a partir de marzo. Dimisión masiva de xerentes de atención primaria na EOXI de Vigo por non estar dispost@s a seguir xestionando a situación de “miseria” que teñen en Atención Primaria. Nas urxencias do CHUS levan anos denuncia a falta de medios que provoca unha saturación constante das urxencias e levan dez semanas de folga reclamando os medios necesarios para evitar os amoreamentos de persoas nos corredores e a falta de medios humanos e técnicos.

Hai unanimidade entre sindicatos, colexios profesionais, plataformas sanitarias, organizacións profesionais, doentes... en denunciar o grave deterioro que están provocando as políticas sanitarias do Partido Popular e en que non estamos na fase de grupos de traballo, nin de enquisas virtuais, nin de auditorías. Estamos na fase de asumir responsabilidades e rectificar os recortes e as privatizacións.

Estamos nun momento crítico, onde a Xunta ten que dar explicacións e asumir as súas responsabilidades, ante uns feitos de máxima gravidade. Despois de ver como no mes de Agosto, falecía un doente no PAC da Estrada por falta de persoal sanitario para atendelo, 2019 empeza cunha denuncia en fiscalía para que investiga a morte de dúas persoas no servizo de urxencias do Chus sen recibir a atención debida. nuns servizos de urxencias saturados sen os medios necesarios que fai que as persoas non teñen a atención que precisan, situación pola que @s traballadores/as levan 10 semanas de folga demandando solucións.

Por todas estas razóns fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Até onde está disposto a chegar o Goberno galego na súa política de acoso e derribo da sanidade pública galega?

-Diante da onda de malestar existente tanto a nivel profesional como da veciñanza vai rectificar a política sanitaria que leva efectivizando desde 2009 que está destruindo a sanidade pública d@s galeg@s e poñendo en risco o dereito á saúde?

-Coida que as medidas aparentais e mediáticas que levan anunciando: “Grupos de Mellora” “contratos estábeis de até 3 anos” van solucionar os gravísimos problemas da sanidade galega?

-Ten o Goberno galego previsto proceder a un aumento do orzamento destinado a Sanidade acorde coas necesidades da mesma?

-Vai tomar algunha medida real para rematar coa temporalidade e precaridade do persoal do Sergas?

-Vai proceder a realizar unha política de contratación digna para a totalidade do persoal?

-Ten intención de traballar para eliminar as listas de espera, sen que signifique incrementar o negocio da sanidade privada, senón explotando ao máximo os recursos públicos: contratando persoal e tendo operativos todos os recursos dos que dispón o Sergas, camas, quirófanos...e non realizar ningunha derivación de doentes á sanidade privada mentres existan recursos dispoñíbeis, susceptíbeis de ser usados nos centros públicos?

-Coida que é posíbel unha Atención Primaria de Calidade sen un Plan de Mellora con: incremento do investimento até chegar como mínimo ao 20% do orzamento (no inmediato incremento de 200 millóns de euros). Recuperación das





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xerencias de Atención Primaria con capacidade resolutiva e orzamentaria./ Incrementar as prazas de especialistas en pediatría e medicina familiar e comunitaria./ Mellorar os equipamentos nos centros de saúde e PACs / Garantir equipos completos de profesionais nos PAC

-Vai continuar a senda das privatizacións o vai proceder a revertir as realizadas e proceder á xestión propia dos servizos sanitarios?

Noela Blanco Rodríguez, Julio Torrado Quintela e Abel Losada Álvarez, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

No 60 % dos municipios galegos a idade media supera os cincuenta anos, no total da comunidade supera os 46, tres anos máis que España e case sete máis que a UE. A porcentaxe de galegos menores de 20 anos caeu dous puntos desde o ano 2002, do 17,6 % dese ano ao 16,4 % do 2016, mentres que o de maiores de 65 creceu o dobre. A principios deste século, un de cada cinco galegos igualaba ou superaba esa idade, na actualidade son xa un de cada catro.

Neste escenario de declive demográfico, a atención social ás necesidades e demandas das persoas maiores debe ser o obxectivo das políticas sociais que desexen garantir o benestar e a calidade de vida non só das persoas maiores, senón da sociedade no seu conxunto. Unha poboación maior ben atendida, que conte cos recursos axeitados de cobertura das súas necesidades, é indicativo dunha sociedade solidaria e inclusiva. A implicación dos poderes públicos por unha maior cohesión social faise notar non só en que non haxa diferenzas no trato aos distintos sectores da poboación, senón en que dea resposta ás necesidades específicas de cada un deles, facendo posible acadar unha sociedade para todas as idades.

O Goberno galego anunciou en repetidas ocasións a súa intención de dotar as cidades da Coruña, Vigo, Ferrol, Santiago, Pontevedra, Ourense e Lugo de residencias de maiores.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que investimento ten previsto dedicar a Xunta de Galicia á construción da residencia de maiores de Vigo?
2. Que partida prevista nos orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2018 vai dedicar o Goberno galego á construción de dito centro?
3. Con que número de prazas vai contar esta nova infraestrutura?
4. Dispón na actualidade o Goberno galego de terreos na cidade de Vigo onde situar esta residencia?



5. En caso afirmativo, onde se atopan estes terreos?
6. Cantos postos de traballo ten previsto crear a Xunta de Galicia para atender esta residencia?
7. A xestión de dito centro, vai ser 100 % pública?
8. Vai contar esta residencia de maiores con unidades xeriátricas e psicoxeriátricas diferenciadas?
9. Cando ten previsto comezarse a construción da residencia de maiores de Vigo?
10. Segundo a Xunta de Galicia, que porcentaxe da demanda existente na cidade de Vigo e na súa área de influencia, ten previsto cubrir a posta en marcha deste centro?

Pazo do Parlamento, 15 de xaneiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 15/01/2019 12:59:13

Julio Torrado Quintela na data 15/01/2019 12:59:18

Abel Fermín Losada Álvarez na data 15/01/2019 12:59:23



Á Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Martín Fernández Prado, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

É unha cuestión de todos traballar a prol de afianzar os espazos portuarios de carácter comercial nunha orientación que permita a potenciación do transporte marítimo de mercadorías. Unha máxima que ha de ser acompañada da atracción de novos tráfico e o desenvolvemento do transporte intermodal.

Por iso, desde o Grupo Parlamentario Popular consideramos que é imperativo seguir apostando por avanzar na conversión dos nosos peiraos en auténticas plataformas de distribución e centros de intercambio de mercadorías entre transportes marítimo, ferroviario e por estrada.

Mais non só no aumento do volume de tráfico debemos traballar. Temos que perseverar tamén no desenvolvemento dunha estratexia destinada a atraer e potenciar ao sector náutico mediante a disposición de peiraos axeitados, en condicións de espazos recreativos e deportivos de primeiro nivel.

Isto se plasma nos milleiros de atraques dispostos ao longo dos 122 portos da nosa estrutura portuaria autonómica, os cales permiten fomentar o emprego e dinamizar economicamente as zonas costeiras.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas orais en comisión:

- Cal é o balance que realiza a Consellería sobre o volume de tráfico comerciais e náuticos desenvolto nos últimos catro exercicios (período 2014 – 2018)?
- Cal foi, en concreto, a evolución no ano 2018?

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2019.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 15/01/2019 13:33:27

María Ángeles Garcia Míguez na data 15/01/2019 13:33:44

Martín Fernández Prado na data 15/01/2019 13:33:51

Alberto Pazos Couñago na data 15/01/2019 13:34:07

Marta Rodriguez Arias na data 15/01/2019 13:34:19

María Soraya Salorio Porral na data 15/01/2019 13:34:33

Daniel Vega Pérez na data 15/01/2019 13:34:41

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTRO-IDS0J3TE-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río, Antonio Mouriño Villar, Isabel Novo Fariña, César Fernández Gil, Diego Calvo Pouso, María Julia Rodríguez Barreira e Jacobo Moreira Ferro, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta Oral en Comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

O ano 2017 puxo fin ao terceiro ciclo da planificación da política pública de cooperación para o desenvolvemento da Xunta de Galicia, ao ser o último ano de execución do III Plan Director 2014- 2017.

O deseño do novo ciclo de planificación debe efectuarse de xeito participativo, e en continuo diálogo coas entidades do sector galego de cooperación, e vir marcado, como non pode ser doutro xeito, pola necesidade de incorporar a Axenda 2030, os ODS e a vontade de aliñarse co V Plan Director da Cooperación Española, en proceso de elaboración.

No programa electoral co que o Partido Popular de Galicia conseguiu a confianza maioritaria da cidadanía galega en outubro de 2016 recollíase expresamente este obxectivo: “Elaborar o IV Plan Director da Cooperación Galega 2018-2022, aliñado coa Axenda Global de Desenvolvemento 2030, que integre no seu marco estratéxico e operativo o horizonte definido polos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) aprobados pola comunidade internacional a finais de 2015” polo que dende o Grupo Popular consideramos que é o momento de impulsalo, do mesmo modo que no pasado ano impulsamos a través dunha proposición non de Lei a elaboración dun decreto regulador da cooperación exterior que foi aprobado pola Xunta meses despois.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en Comisión:

-Cales serán as orientacións e liñas xerais de actuación da Xunta de Galicia na materia de cooperación para o desenvolvemento para os vindeiros catro anos?

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2.019.

Asinado dixitalmente por:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Alberto Pazos Couñago na data 15/01/2019 14:15:03

Paula Prado Del Río na data 15/01/2019 14:15:21

Antonio Mouriño Villar na data 15/01/2019 14:15:42

María Isabel Novo Fariña na data 15/01/2019 14:16:03

César Manuel Fernández Gil na data 15/01/2019 14:16:19

Diego Calvo Pouso na data 15/01/2019 14:16:26

María Julia Rodríguez Barreira na data 15/01/2019 14:16:36

Jacobo Moreira Ferro na data 15/01/2019 14:16:51



Á Mesa do Parlamento

María Julia Rodríguez Barreira, César Fernández Gil, Jacobo Moreira Ferro, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar, Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río e Diego Calvo Pouso ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta oral para o seu debate en Comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

A Xunta de Galicia ven demostrando nos últimos anos un claro compromiso co noso sistema xudicial, mesmo nos anos en que a recesión económica reduciu de forma moi apreciable os recursos da nosa comunidade.

Ese compromiso vense reflectindo nos orzamentos, que nos últimos anos, inda que moderadamente, se foron incrementando neste eido.

As melloras tecnolóxicas e a aposta por novas infraestruturas xudiciais como as que se teñen executado nas cidades de Santiago, Ourense e A Coruña, e as que se están executando en Pontevedra, Vigo e Tui, dan conta dun claro compromiso coa modernización do noso sistema xudicial.

Porén, dende o Grupo Popular somos conscientes da importancia de complementar estas grandes obras coas pertinentes melloras no resto de edificios xudiciais da nosa Comunidade. Neste sentido, no programa electoral co que este grupo obtivo a confianza maioritaria da cidadanía galega en setembro de 2016, recolleemos o compromiso expreso de “continuar coas obras de adaptación e mellora dos máis de 50 edificios xudiciais da nosa Comunidade, priorizando en función das súas necesidades”.

Somos coñecedores de que, en cumprimento dese compromiso, son moitas as actuacións que se están acometendo neses edificios; non só para a súa conservación e mantemento ordinario, senón actuacións de mellora e adaptación, para optimizalos dende o punto de vista funcional, enerxético, etc. en definitiva, actuacións que garantan que os edificios xudiciais sirvan en todo momento, de forma óptima, os fins que lle son propios.

Por todo isto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte Pregunta oral en Comisión:

-Que obras de adaptación e mellora dos edificios xudiciais da nosa Comunidade ten efectuado a Xunta de Galicia no que vai de lexislatura?



Santiago de Compostela, 16 xaneiro de 2.019.

Asinado dixitalmente por:

María Julia Rodríguez Barreira na data 15/01/2019 14:37:19

César Manuel Fernández Gil na data 15/01/2019 14:37:33

Jacobo Moreira Ferro na data 15/01/2019 14:37:37

María Isabel Novo Fariña na data 15/01/2019 14:37:47

Antonio Mouriño Villar na data 15/01/2019 14:38:03

Alberto Pazos Couñago na data 15/01/2019 14:38:20

Paula Prado Del Río na data 15/01/2019 14:38:32

Diego Calvo Pouso na data 15/01/2019 14:38:48

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTRO-wZBE9YkK-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río, Moisés Rodríguez Pérez, Isabel Novo Fariña, César Fernández Gil, Antonio Mouriño Villar, María Julia Rodríguez Barreira e Jacobo Moreira Ferro, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

O 15 de maio de 2017, o Presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijoo asumiu a presidencia pro tempore da Comunidade de Traballo Galicia – Norte de Portugal.

No decurso do Plenario, celebrado na cidade de Braga, fíxose efectivo o traspaso de poderes do Presidente da Comisión de Coordinación e Desenvolvemento Rexional do Norte de Portugal ao Presidente da Xunta de Galicia.

Unha das primeiras actuacións que se desenvolveu foi a preparación dun "Plan de acción para a Presidencia da Comunidade de Traballo", no que se definen as principais actividades, sectores e eixos estratéxicos nos que centrar a cooperación transfronteiriza entre Galicia e o Norte de Portugal no bienio 2017 – 2019.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en Comisión:

-Cales son as principais actividades desenvolvidas e como se está a executar o "Plan de Acción para a Presidencia da Comunidade de Traballo Galicia – Norte de Portugal"?

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2.019.

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 15/01/2019 14:24:01

Paula Prado Del Río na data 15/01/2019 14:24:13

Moisés Rodríguez Pérez na data 15/01/2019 14:24:26

María Isabel Novo Fariña na data 15/01/2019 14:25:01

César Manuel Fernández Gil na data 15/01/2019 14:25:12

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Antonio Mouriño Villar na data 15/01/2019 14:25:19

María Julia Rodriguez Barreira na data 15/01/2019 14:25:29

Jacobo Moreira Ferro na data 15/01/2019 14:25:38

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTRO-Iguzil68x-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Alberto Pazos Couñado, Paula Prado del Río, María Julia Rodríguez Barreira, César Fernández Gil, Jacobo Moreira Ferro, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar e Diego Calvo Pouso ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta oral para o seu debate en Comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

No ano 2014, no seno da Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal, asinábase o Protocolo de Cooperación Cultural, Científica e Pedagóxica entre Universidades e Centros de Ensinanza superior da Eurorrexión, co obxectivo de promover o desenvolvemento do ensino superior e a investigación científica e tecnolóxica no ámbito da cooperación transfronteiriza.

Foito dese Protocolo, naceu o Programa IACOBUS, cuxo obxectivo principal é fomentar a cooperación e o intercambio de coñecemento científico a través da colaboración entre profesores, Invesitgadores, Persoal de Administración e Servicio das Universidade e centros de ensino superior de Galicia e o Norte de Portugal, facilitando a posta en común de actividades formativas, de investigación e divulgativas, nunha iniciativa de carácter transfronteirizo, pioneira no conxunto da Unión Europea.

O Programa IACOBUS desenvolve neste momento a sexta convocatoria dende o seu alumeamento, despertando en todas elas un gran interese no mundo universitario, como amosan as 639 estancias de investigación financiadas con cargo ao programa ata o ano 2018.

A incorporación ao programa IACOBUS de 22 Centros Tecnolóxicos de primeiro nivel da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, concretada na cerimonia de adhesión que tivo lugar en Porto o pasado 14 de setembro de 2018, non fai máis que corroborar as altas expectativas suscitadas por esta iniciativa.

Por todo isto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en Comisión:

-Que balance fai a Xunta de Galicia dos resultados ata o de agora do programa IACOBUS, de cooperación cultural, científica e pedagóxica entre as universidades da Eurorrexión?



Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 15/01/2019 15:03:37

Paula Prado Del Río na data 15/01/2019 15:03:47

César Manuel Fernández Gil na data 15/01/2019 15:04:12

Jacobo Moreira Ferro na data 15/01/2019 15:04:18

Antonio Mouriño Villar na data 15/01/2019 15:04:29

María Julia Rodríguez Barreira na data 15/01/2019 15:05:11

María Isabel Novo Fariña na data 15/01/2019 15:05:25

Diego Calvo Pouso na data 15/01/2019 15:05:42

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTRO-QSSR6dmm8-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Fermín Losada Álvarez, José Manuel Pérez Seco e Raúl Fernández Fernández, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

Na páxina *web* da Xunta de Galicia informouse que o Consello da Xunta do 2 de decembro de 2018 autorizou á Consellería do Medio Rural para conceder axudas os concellos galegos a través do Plan marco de mellora de camiños municipais para os anos 2019 e 2020, cunha achega de case 16 millóns de euros que serán xestionados a través da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), distribuídos en dúas anualidades de case 8 millóns de euros cada unha.

Na dita información, establécese que o obxectivo deste plan é “*mellorar as condicións de vida dos residentes nas áreas rurais mediante o acondicionamento das principais vías de comunicación e outras infraestruturas*”, permitindo o acceso ás 30.000 entidades de poboación nas que se asentan as vivendas no rural, facilitando así a accesibilidade e vertebración do territorio, e a dinamización do tecido produtivo ao contribuír a mellorar a capacidade organizativa destas áreas rurais.

Do mesmo xeito, infórmase de que a repartición establecida para cada un dos concellos galegos acordouse coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) sobre a base dunha serie de criterios previamente consensuados.

Á vista destes datos a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Considera o Goberno galego que na “Lexislatura do rural”, 8 millóns de euros no ano 2019 é unha dotación suficiente para acadar o obxectivo proposto de “*mellorar as condicións de vida dos residentes nas áreas rurais mediante o acondicionamento das principais vías de comunicación e outras infraestruturas*”?

2ª) Cales son os concellos beneficiados por estas achegas económicas para este exercicio 2019, e cales as contías asignadas?

3ª) Cales son os concellos que se beneficiarán destas achegas económicas no exercicio 2020, e cales as contías asignadas?





Pazo do Parlamento, 15 de xaneiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 15/01/2019 16:23:22

Abel Fermín Losada Álvarez na data 15/01/2019 16:23:29

Jóse Manuel Pérez Seco na data 15/01/2019 16:23:39

Raúl Fernández Fernández na data 15/01/2019 16:23:50



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Fermín Losada Álvarez, Juan Manuel Díaz Villoslada e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

No ano 2016 materializouse a fusión dos concellos de Cerdedo e Cotobade dando lugar ao novo concello Cerdedo-Cotobade. A dita fusión foi publicada no Diario Oficial de Galicia do 17 de outubro de 2016 mediante o Decreto 134/2016, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 22 de setembro, polo que se aproba a fusión voluntaria dos municipios de Cerdedo e Cotobade e se constitúe o municipio de Cerdedo-Cotobade, dando orixe a un novo concello cunha poboación de 6.107 habitantes (IGE 01.01.2017).

Pasados algo máis de dous anos desde a constitución do novo concello, as deputadas e os deputados que asinan preguntan:

Cales foron os convenios asinados, as subvencións e axudas de calquera tipo, con expresión do motivo e a contía de cada unha delas, outorgadas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria ao concello de Cerdedo-Cotobade nos exercicios 2016, 2017 e 2018?

Pazo do Parlamento, 15 de xaneiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 15/01/2019 16:35:53

Abel Fermín Losada Álvarez na data 15/01/2019 16:36:00

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 15/01/2019 16:36:07





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2019 16:37:59
Nº Rexistro: 43622
Data envío: 15/01/2019 16:37:59.189

Patricia Vilán Lorenzo na data 15/01/2019 16:36:18

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: REXISTRO-mjpCqLcBe-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Fermín Losada Álvarez, Juan Manuel Díaz Villoslada e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

No ano 2016 materializouse a fusión dos concellos de Cerdedo e Cotobade dando lugar ao novo concello Cerdedo-Cotobade. A dita fusión foi publicada no Diario Oficial de Galicia do 17 de outubro de 2016 mediante o Decreto 134/2016, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 22 de setembro, polo que se aproba a fusión voluntaria dos municipios de Cerdedo e Cotobade e se constitúe o Concello de Cerdedo-Cotobade, dando orixe a un novo concello cunha poboación de 6.107 habitantes (IGE 01.01.2017).

Pasados algo máis de dous anos desde a constitución do novo concello, as deputadas e os deputados que asinan preguntan:

Cales foron os convenios asinados, as subvencións e axudas de calquera tipo, con expresión do motivo e a contía de cada unha delas, outorgadas pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza o Concello de Cerdedo-Cotobade nos exercicios 2016, 2017 e 2018?

Pazo do Parlamento, 15 de xaneiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 15/01/2019 14:03:09

Abel Fermín Losada Álvarez na data 15/01/2019 14:03:17

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 15/01/2019 14:03:24





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2019 16:38:37
Nº Registro: 43623
Data envío: 15/01/2019 16:38:37.626

Patricia Vilán Lorenzo na data 15/01/2019 14:03:32

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: REXISTRO-3/AhbGgs7-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Fermín Losada Álvarez, Juan Manuel Díaz Villoslada e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

No ano 2013 materializouse a fusión dos concellos de Oza dos Ríos e de Cesuras dando lugar ao novo concello Oza-Cesuras, fusión que foi publicada no Diario Oficial de Galicia o 7 de xuño de 2013, mediante o Decreto 83/2013, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, polo que se aprobou a fusión voluntaria dos concellos de Oza dos Ríos e Cesuras e se constituíu o Concello de Oza-Cesuras; dando orixe a un novo concello cunha poboación de 5.275 habitantes (IGE do 01 de xaneiro de 2014).

Pasados máis de cinco anos desde a constitución do novo concello as deputadas e os deputados que asinan preguntan:

Cales foron os convenios asinados, as subvencións e axudas de calquera tipo, con expresión do motivo e a contía de cada unha delas, outorgadas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria ao concello de Oza-Cesuras nos exercicios 2014, 2015, 2016, 2017 e 2018?

Pazo do Parlamento, 15 de xaneiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 15/01/2019 14:00:24

Abel Fermín Losada Álvarez na data 15/01/2019 14:00:31

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 15/01/2019 14:00:39



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Fermín Losada Álvarez, Juan Manuel Díaz Villoslada e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

No ano 2013 materializouse a fusión dos Concellos de Oza dos Ríos e de Cesuras dando lugar ao novo concello Oza-Cesuras, fusión que foi publicada no Diario Oficial de Galicia o 7 de xuño de 2013, mediante o Decreto 83/2013, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, polo que se aprobou a fusión voluntaria dos concellos de Oza dos Ríos e Cesuras e se constituíu o Concello de Oza-Cesuras; dando orixe a un novo concello cunha poboación de 5.275 habitantes (IGE do 01 de xaneiro de 2014).

Pasados máis de cinco anos desde a constitución do novo concello, as deputadas e os deputados que asinan preguntan:

Cales foron os convenios asinados, as subvencións e axudas de calquera tipo, con expresión do motivo e a contía de cada unha delas, outorgadas pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (antes Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio) o concello de Oza-Cesuras nos exercicios 2014, 2015, 2016, 2017 e 2018?

Pazo do Parlamento, 15 de xaneiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 15/01/2019 13:59:47

Abel Fermín Losada Álvarez na data 15/01/2019 13:59:54





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2019 16:39:57
Nº Rexistro: 43626
Data envío: 15/01/2019 16:39:57.338

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 15/01/2019 14:00:01

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: REXISTRO-10V7NSG4s-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Fermín Losada Álvarez, Juan Manuel Díaz Villoslada e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

No ano 2016 materializouse a fusión dos concellos de Cerdedo e Cotobade dando lugar ao novo concello Cerdedo-Cotobade. A dita fusión foi publicada no Diario Oficial de Galicia do 17 de outubro de 2016 mediante o Decreto 134/2016, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 22 de setembro, polo que se aproba a fusión voluntaria dos municipios de Cerdedo e Cotobade e se constitúe o municipio de Cerdedo-Cotobade, dando orixe a un novo concello cunha poboación de 6.107 habitantes (IGE 01.01.2017).

Pasados algo máis de dous anos desde a constitución do novo concello, as deputadas e os deputados que asinan preguntan:

Cales foron os convenios asinados, as subvencións e axudas de calquera tipo, con expresión do motivo e a contía de cada unha delas, outorgadas pola Consellería de Facenda ao concello de Cerdedo-Cotobade nos exercicios 2016, 2017 e 2018?

Pazo do Parlamento, 15 de xaneiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 15/01/2019 13:58:08

Abel Fermín Losada Álvarez na data 15/01/2019 13:58:14

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 15/01/2019 13:58:21

Patricia Vilán Lorenzo na data 15/01/2019 13:58:30



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Fermín Losada Álvarez, Juan Manuel Díaz Villoslada e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

No ano 2013 materializouse a fusión dos Concellos de Oza dos Ríos e de Cesuras dando lugar ao novo concello Oza-Cesuras, fusión que foi publicada no Diario Oficial de Galicia o 7 de xuño de 2013, mediante o Decreto 83/2013, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, polo que se aprobou a Fusión voluntaria dos concellos de Oza dos Ríos e Cesuras e se constituíu o Concello de Oza-Cesuras; dando orixe a un novo concello cunha poboación de 5.275 habitantes (IGE do 01 de xaneiro de 2014).

Pasados máis de cinco anos desde a constitución do novo concello, as deputadas e os deputados que asinan preguntan:

Cales foron os convenios asinados, as subvencións e axudas de calquera tipo, con expresión do motivo e a contía de cada unha delas, outorgadas pola Consellería de Facenda ao concello de Oza-Cesuras nos exercicios 2014, 2015, 2016, 2017 e 2018?

Pazo do Parlamento, 15 de xaneiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 15/01/2019 13:54:49

Abel Fermín Losada Álvarez na data 15/01/2019 13:54:56

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 15/01/2019 13:55:04

Patricia Vilán Lorenzo na data 15/01/2019 13:55:28



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Fermín Losada Álvarez, Juan Manuel Díaz Villoslada e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

No ano 2016 materializouse a fusión dos concellos de Cerdedo e Cotobade dando lugar ao novo concello Cerdedo-Cotobade. A dita fusión foi publicada no Diario Oficial de Galicia do 17 de outubro de 2016 mediante o Decreto 134/2016, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 22 de setembro, polo que se aproba a fusión voluntaria dos municipios de Cerdedo e Cotobade e se constitúe o municipio de Cerdedo-Cotobade, dando orixe a un novo concello cunha poboación de 6.107 habitantes (IGE 01.01.2017).

Pasados algo máis de dous anos desde a constitución do novo concello, as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Cales foron os convenios asinados, as subvencións e axudas de calquera tipo, con expresión do motivo e a contía de cada unha delas, outorgadas pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (antes Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio) ao Concello de Cerdedo-Cotobade nos exercicios 2016, 2017 e 2018?

Pazo do Parlamento, 15 de xaneiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 15/01/2019 14:01:42

Abel Fermín Losada Álvarez na data 15/01/2019 14:01:49

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 15/01/2019 14:01:57



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Fermín Losada Álvarez, Juan Manuel Díaz Villoslada e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

No ano 2013 materializouse a fusión dos concellos de Oza dos Ríos e de Cesuras dando lugar ao novo concello Oza-Cesuras, fusión que foi publicada no Diario Oficial de Galicia o 7 de xuño de 2013, mediante o Decreto 83/2013, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, polo que se aprobou a fusión voluntaria dos concellos de Oza dos Ríos e Cesuras e se constituíu o Concello de Oza-Cesuras; dando orixe a un novo concello cunha poboación de 5.275 habitantes (IGE do 01 de xaneiro de 2014).

Pasados máis de cinco anos desde a constitución do novo concello, as deputadas e os deputados que asinan preguntan:

Cales foron os convenios asinados, as subvencións e axudas de calquera tipo, con expresión do motivo e a contía de cada unha delas, outorgadas pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza ao Concello de Oza-Cesuras nos exercicios 2014, 2015, 2016, 2017 e 2018?

Pazo do Parlamento, 15 de xaneiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 15/01/2019 13:58:52

Abel Fermín Losada Álvarez na data 15/01/2019 13:58:59

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 15/01/2019 13:59:07

Patricia Vilán Lorenzo na data 15/01/2019 13:59:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

Vai ser preciso comezar dicindo que o xabaril é un animal omnívoro que nesta condición, á hora de se alimentar non diferencia entre horta ecolóxica, horta convencional ou cultivos forraxeiros.

Quen si establece diferenzas no trato e nas apreciacións é a Consellería de Medio Ambiente cando de medidas de prevención e ou valoracións de danos ocasionados por este animal se trata. Principalmente se falamos da agricultura de Horta Convencional.

En diferentes ordes de decembro de 2018 sácanse axudas públicas para a prevención e os danos ocasionados pola fauna salvaxe, nomeadamente lobo e xabaril e velaí algunhas das estrañas anomalías:

“O xabaril mantén unha poboación abundante na xeografía galega. A súa presenza nos nosos montes non só é un expoñente da nosa rica biodiversidade senón ademais, un elemento destacado no equilibrio biolóxico do Medio en que se





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

desenvolve.” Realmente pode alguén no seu sán xuízo medioambiental afirmar tamaña barbaridade falando de equilibrio biolóxico e poboacional?

No artigo 3 da orde do 7 de decembro entre as persoas beneficiarias, no apartado *a* figuran as persoas físicas ou xurídicas titulares de explotacións agrarias onde se constaten os danos aos cultivos agrícolas producidos polo xabaril, inscritas no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (REAGA) ou de autoconsumo.

Nas Mariñas coruñesas, dun total de 240 explotacións de horta so están inscritas neste rexistro sete ó aire libre e dúas a cuberto... Temos por tanto un problema co REAGA en canto á súa utilidade e como referencia e condición para a concesión de axudas a non ser que o que se persiga sexa poñer impedimentos para non gastar.

Artigo 5: Comunicación do dano.

1.No prazo máximo de 72 Horas.....E aqueles agricultores que teñen as fincas, distanciadas unhas de outras, poñamos por caso 10 ou 15 kms, que fan? Montan garda ou fan patrullas diarias?

Artigo 6: Importe das axudas.

O importe máximo por persoa beneficiaria e ano establécese en 1.650,00€.....

Falamos en serio cando en horta convencional os danos poden ascender a miles de euros?

Artigo 7:





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

d) Declaración do título que posúe para a utilización do terreo en que se producen os danos..

e) Referencia (SIXPAC) das parcelas con cultivos afectados por danos producidos polo xabaril, indicando a superficie declarada na solicitude única da PAC do ano 2018..

Con este punto exclúense un 70% das explotacións de horta profesional en Galicia, que non teñen dereito a unha subvención da PAC.

Tampouco teñen contrato de arrendamento, non o necesitan por non teren que xustificar axudas de superficie. Ademais moitos dos propietarios das parcelas traballadas non teñen interese ningún en facer ningún tipo de contrato, déixanse para traballar polo interese de ter limpas as fincas....

No DOGA nº 5 do martes 8 de Xaneiro do 2019 que trata das axudas á prevención de danos vólvese incorrer nos mesmos erros e faltas de consideración e coñecemento do sector antes citado. Así no Artg.14, criterios para a concesión da axuda, os prazos dun mes para o xabarín son ridículos e o que colma o vaso do descoñecemento é na baremación:

--4. Titulares de explotacións agrarias que teñan contratada unha liña de aseguramento que inclúa como RISCOS asegurables os danos aos cultivos agrarios ocasionados por animais silvestres: 5 puntos

Claro que os construtores do entramado destas liñas de axudas tampouco caeron na conta que os seguros agrarios de Horta non son compatibles cos ciclos de horta en Galicia.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

-Que fontes se consultaron e onde se recabaron os datos para a redacción destas ordes de axuda?

-Que pasos se seguen na confección dos diferentes apartados destas ordes de axuda á prevención de danos e de axuda ós danos ocasionados pola fauna silvestre nomeadamente lobo e porco bravo?

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 15/01/2019 17:09:12

María Montserrat Prado Cores na data 15/01/2019 17:09:16

Ana Pontón Mondelo na data 15/01/2019 17:09:18

Olalla Rodil Fernández na data 15/01/2019 17:09:19

Noa Presas Bergantiños na data 15/01/2019 17:09:21

Xosé Luis Bará Torres na data 15/01/2019 17:09:22



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Noela Blanco Rodríguez, Patricia Otero Rodríguez, Abel Fermín Losada Álvarez e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

No Diario Oficial de Galicia do 9 de xaneiro de 2019, a Consellería de Economía, Emprego e Industria publicou a Orde do 12 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais, e procédese á súa convocatoria para o exercicio do ano 2019; cunha dotación orzamentaria de 1.500.000 € consignados na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019.

Na propia exposición de motivos establécese que corresponde á Consellería de Economía, Emprego e Industria a xestión das subvencións e axudas públicas das políticas activas de emprego, entre as cales están as medidas dirixidas, por unha banda, a fomentar a creación de emprego de calidade e, por outra, a incrementar a empregabilidade das persoas desempregadas, mellorando as condicións do mercado de traballo, no marco da Estratexia europea para o emprego.

Por iso as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que valoración fai o Goberno galego destas subvencións nos últimos tres anos?

2ª) Considera o Goberno galego que a contratación das persoas desempregadas que vaian desenvolver a prestación dos servizos con cargo a esta subvención, durante tres meses a tempo completo, ou como máximo de seis meses a tempo parcial, se corresponde co obxectivo expresado na exposición de motivos, así como no artigo 1 da Orde, de proporcionar a experiencia e práctica profesional necesaria para facilitar a súa inserción laboral?

3ª) Tendo en conta que nos Orzamentos da Comunidade Autónoma para 2019 as partidas 40209 e 70209 da Consellería de Economía, Emprego e Industria se incrementaron os fondos asignados polo Estado a políticas activas de emprego nun 19,84 % e nun 726,09 % respectivamente sobre os Orzamentos de 2018,



considera o Goberno galego suficiente a partida orzamentaria destinada a esta subvención para cumprir co obxectivo establecido?

4ª) Ten o Goberno galego outras liñas de axuda para este exercicio 2019 coa finalidade de mellorar a empregabilidade en colaboración coas entidades locais?

5ª) Cales son as razóns que xustifican que no artigo 11. Procedemento, se estableza no punto 7 que no caso de entidades resultantes dunha fusión de concellos, a súa puntuación final se poderá incrementar ata nun 35 %?

6ª) Recibiron esta subvención, os tres últimos exercicios, as entidades resultantes dunha fusión de concellos, se for o caso, cal foi a contía achegada en cada un dos exercicios?

7ª) Cales foron os concellos que nos tres últimos exercicios recibiron achegas con cargo a esta subvención por presentación conxunta?

Pazo do Parlamento, 15 de xaneiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 15/01/2019 18:14:11

Noela Blanco Rodríguez na data 15/01/2019 18:14:18

Patricia Otero Rodríguez na data 15/01/2019 18:14:26

Abel Fermín Losada Álvarez na data 15/01/2019 18:14:35

Julio Torrado Quintela na data 15/01/2019 18:14:42



Á Mesa do Parlamento

Alberto Pazos Couñado, Paula Prado del Río, María Julia Rodríguez Barreira, César Fernández Gil, Jacobo Moreira Ferro, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar e Diego Calvo Pouso ao abeiro do disposto no artigo 152e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta Oral en Comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

Aproveitando a efeméride do 60 aniversario da firma dos Tratados fundacionais de Roma, a Comisión Europea lanzou o debate sobre a futura UE a 27 Estados membros o 1 de marzo de 2017, articulado a través do “Libro Branco sobre o Futuro de Europa”. Posteriormente, co seu discurso do Estado da Unión de 2017, Juncker pasou da reflexión e o debate ás primeiras propostas concretas para o futuro de Europa. A Comisión presentou o seu programa de traballo do próximos dezaseis meses, é dicir, de aquí a que finalice 2018, baixo o título “Folla de ruta cara a unha Europa máis unida, forte e democrática”. Trátase dun programa que trata de aproveitar o impulso actual combinando elementos dos cinco escenarios propostos.

Por outra banda, o 12 de setembro de 2018, Jean-Claude Juncker pronunciou o Discurso sobre o Estado da Unión 2018, co título “A hora da soberanía europea”. Este discurso, que será o último antes das eleccións europeas, destacou o crecemento económico que viviu Europa, especialmente reflectida na superación da crise económica en Grecia e a reafirmación da Unión Europea como potencia comercial, que corre en paralelo ás súas responsabilidades en materia climática. Juncker tamén salientou a necesidade dunha Europa unida que se posicione como interlocutor mundial nun sistema multilateral. Ademais, apelou á esixencia de adoptar as propostas legislativas pendentes antes das eleccións, incidindo sempre na Europa que estamos a construír e a Europa que queremos para o futuro.

Tendo en conta estes novos escenarios que se abren, así como a crecente desafección dos cidadáns respecto do proxecto de construción europeo nos últimos anos, que ten desembocado no xurdimento de movementos populistas que pretenden destruír o proceso de construción europeo que tanto ten beneficiado os cidadáns nas últimas décadas, así como os desafíos derivados do Brexit, o Grupo Parlamentario Popular rexistrou unha proposición non de lei que foi aprobada no Pleno tras acordo co Grupo Socialista que, no seu primeiro punto establece que este Parlamento “Acorda proclamar o seu decidido apoio ao proceso de integración europea, para culminar axiña unha Unión máis estreita, un mercado interior tan eficiente como equitativo e xusto e unhas institucións que enchan plenamente de contido a divisa de unida na diversidade que sintetiza o cerne da nosa Unión. Este decidido apoio ao proceso de integración europea considera prioritario o pilar europeo de dereitos sociais, aprobado conxuntamente polo Parlamento Europeo, o Consello e a Comisión o pasado 17 de novembro de 2017 durante o Cumio social en favor



do emprego xusto e o crecemento celebrado en Gotemburgo, Suecia, outorgándolle á cidadanía novos dereitos sociais e máis efectivos, nos tres seguintes eixos:

- A igualdade de oportunidades e de acceso ao mercado de traballo.
- Condicións de traballo xustas.
- A protección e a inclusión social.

Galicia reivindica o proxecto europeo como modelo de integración social, económica, xurídica e democrática que, salvagardando as identidades propias de cada territorio, busca de forma decidida impulsar un modelo de convivencia pacífica, solidaria, próspera e en igualdade, contraria aos modelos de sociedade individualista, especulativa e xenófoba. Europa precisa reconstruír un modelo social tronzado pola gran recesión; Galicia, en Europa, aposta por restaurar un novo contrato social, onde o desenvolvemento económico teña como eixe principal unha sociedade plural e sen as desigualdades actuais”.

Acto seguido, no segundo punto, o acordo da un mandato parlamentario ao executivo galego de defensa de determinados principios ante as institucións europeas.

En consecuencia, a difusión dos valores e vantaxes do proxecto de Unión Europea non só responden a un posicionamento político do PPdeG avalado polas urnas nin tampouco unicamente a un compromiso do goberno, plasmado na súa Estratexia de Acción Exterior, senón que obedecen a un mandato aprobado por unha ampla maioría deste Parlamento.

Por todo isto, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte **Pregunta Oral en Comisión:**

-Que está a facer a Xunta de Galicia para difundir os valores da Unión Europea e as súas políticas e as vantaxes do proxecto europeo?

